



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31/03/2017

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día trinta e un de marzo de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Non asiste:

D. Anselmo Ramos Martínez

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventora: D.^a María Lourdes Castro Pena

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de xaneiro e 23 de febreiro de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de xaneiro e 23 de febreiro de 2017.

2º. Inicio dos trámites para a redelimitación de núcleos rurais en Vimianzo.

O alcalde sinala que antes de tratar o resto dos puntos da orde do día, quere introducir un punto por vía de urxencia, relacionado cunha orde de demolición dunha vivenda en Bamiro.

O alcalde sinala que o 14 de marzo se reuniu a xunta de portavoces, no seo da cal se acordou pedir unha reunión coa APLU e un informe á Deputación. O xoves tivo unha reunión con técnicos da Deputación e trae hoxe ao pleno unha proposta de inicio dos trámites de redefinición dos núcleos rurais. Comenta que as NNSS son do ano 1994 e



foron feitas cuns medios e unha técnica que non son os actuais, e non recollen nin a realidade dos núcleos, nin os accidentes xeográficos (ríos, regatos, etc.) nin se recollen as parcelas que cumpren a parcela mínima.

Sinala o alcalde que este asunto debe abordarse con carácter xeral, redelimitando os núcleos por fases, para gañar tempo. A proposta que se trae supón iniciar os trámites nos núcleos de Bamiro, Tines e Treos. Explica os puntos que contén a proposta, incluído que o pleno solicite á APLU a paralización do expediente de reposición da legalidade.

Explica que estes son os motivos de urxencia e non se pudo incluír o punto na orde do día porque a reunión na Deputación foi o xoves ás 09:30 horas e o pleno xa estaba convocado. De feito, di o alcalde que nin tan siquera se dou conta aos medios de comunicación.

Antes de pasar a tratar o punto, sométese a votación a urxencia da súa inclusión na orde do día, en cumprimento do disposto no art. 83 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das corporacións locais, que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.

Acto seguido, dase conta da proposta da Alcaldía, de data 31 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: INICIO DOS TRÁMITES PARA A REDELIMITACIÓN DE NÚCLEOS RURAIS EN VIMIANZO.

Vista a necesidade de redefinir os núcleos rurais en Vimianzo, á vista dos problemas que a cotío xurden coas actuais Normas Subsidiarias de Planeamento de Vimianzo, que foron aprobadas no 1994 e non foron elaboradas tendo en conta a realidade dos núcleos rurais do noso municipio e as necesidades concretas de cada un deles. Estas carencias fan que se deixara en situación de disconformidade coas NNSS moitas vivendas preexistentes. Estes problemas chegan ao seu punto álxido coa orde de demolición dunha vivenda en Bamiro ditada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, confirmada por unha sentenza xudicial recentemente.

As dificultades que conleva a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, tanto no que respecta ao seu custe económico como na súa prolongada tramitación (que coa nova Lei do Solo de Galicia a propia CMATI calcula que se rebaixa aos tres anos), fan que a opción máis beneficiosa para os intereses públicos sexa a redelimitación dos núcleos.

Nunha reunión mantida onte na Deputación con técnicos do Servizo de Asistencia a Municipios, co gallo da solicitude de informe remitida o pasado 16 de marzo de 2017, estes comprometéronse a prestar asistencia ao concello na tramitación do expediente de redelimitación dos núcleos rurais, no entendemento de que concorren motivos de interese público para a súa aprobación.

Dado que a reunión na Deputación tivo lugar no día de onte, unha vez convocada a sesión ordinaria, a presente proposta introdúcese por vía de urxencia, ao abeiro do disposto no art. 83 do RD 2568/1986 (ROF).

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de redelimitación dos núcleos rurais de Vimianzo, comezando polos núcleos de Bamiro, Tines e Treos.

Segundo.- Solicitar o apoio técnico do Servizo de Asistencia a Municipios para o inicio dos traballos.

Terceiro.- Solicitar da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a paralización do expediente de reposición de legalidade urbanística incoado a D. Evaristo Blanco Blanco pola construción dunha vivenda en solo rústico en Bamiro.



Cuarto.- Notificar ao interesado.

Vimianzo, 31 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

Aberto o turno de intervencións, a concelleira do PSOE cualifica como “sorpresa gratificante” esta proposta, pendente de estudar as vantaxes e contras na mesma. Gustaríalle saber o sentido do informe da Deputación, cando o teñan. Considera que se trata dunha boa nova, que se pudo ter producido antes.

A concelleira do PP agradece esta proposta aos veciños, non ao alcalde. Di que agora que Antelo é alcalde apartou a urxencia de ter un PXOM que tanto reclamou dende a oposición. En todos os plenos estano pedindo. Manifesta a súa preocupación, dado que este tema da redelimitación xa se falou na reunión coa APLU, é se o goberno vai seguir poñendo trabas ou realmente vai solucionar este proble. O alcalde ten que informar con transparencia dos trámites que se fan.

O concelleiro de TEGA di que de verdade que se alegra desta decisión, pois como alcalde é a súa labor, non hai nada que agradecerlle, a quen llo hai que agradecer é aos veciños que o outro se manifestaron na praza.

A concelleira de IXV quere agradecer a solidariedade dos veciños con esta familia, que foi sincera e real, non finxida como dixo o alcalde. Hai uns meses o concello mandou un informe ao xulgado dicindo que non había vontade de facer esto. Reprocha ao alcalde que non os convidara á reunión que tivo na Deputación, pois algo quere tapar. Agora o alcalde ten esta proposta e a oposición non pode asesorarse antes de adoptar un acordo. Quere saber porque con Bamiro van as parroquias de Tines e Treos e non outras. Afirmo que o alcalde recapitou grazas á presión veciñal. Pregunta se co Servizo de Asistencia Técnica da Deputación vai ser suficiente ou hai que contratar algún servizo externo.

O alcalde di que é alcalde de todos os veciños e é o seu deber solucionar os problemas. Segundo semella, malo se soluciona, e malo se non soluciona. Aclara que a única vivenda con orde de derrubo en Vimianzo é esta. Hai outras que non son conformes coas NN.SS. pero xa pasaron os seis anos que marca a lei para a restauración da legalidade e non se pode actuar porque prescribiu a acción. Aclara que inicialmente falouse dunha ampliación dos núcleos e eso non se pode facer. Hai que tratar de resolver problemas xerais, non particulares. Como alcalde exerce e foi á Deputación saber en que sentido van informar. A súa obriga como alcalde é solucionar este tema con urxencia e non ten capricho ningún. Outra cousa é que a oposición trate de sacar rédito político con un problema. Lembra que el non estaba no goberno cando se concedeu esa licenza, nin no goberno que non se atreviu a sacar adiante un PXOM porque era un escándalo o que pretendían. O que non pode pretender a oposición é que este goberno faga en dous días o que non fixeron outros en vinte anos. Pide ao PP que goberna na Xunta financiación para facer un PXOM e que falen coa APLU para que paralice o expediente de derrubo contra esta vivenda. Estaría ben que a oposición contara que a única persoa que na reunión co director da APLU lle pediu que paralizara o expediente foi o alcalde. Sinala que o feito de que a Deputación elabore a redelimitación é unha garantía de obxectividade, porque son funcionarios, e ademais aforramos cartos. Os propios técnicos da Deputación lles recomendaron que se levaran varios núcleos xuntos, e xa lle mostraron un adianto do traballo e pensa que vai saír ben o tema. O concello ten a proposta, pero quen aproba definitivamente a modificación é a Xunta, que denegou a aprobación definitiva da Modificación Puntual núm. 4. Pide ao PP que a Xunta aprobe esto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Aprobación provisional da Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Concello de Vimianzo “Réxime urbanístico dos núcleos rurais de Vimianzo”.



Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación provisional da modificación puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Réxime xurídico dos núcleos rurais”.

O Pleno da Corporación aprobou inicialmente en sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015 a modificación puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Réxime xurídico dos núcleos rurais”.

O anterior acordo foi sometido a información pública durante dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 132 o 15/07/2015 e en dous xornais dos de maior difusión na provincia (“El Correo Gallego” e “La Voz de Galicia”) o 20/07/2015. Asemade, foi notificado ós municipios limítrofes e solicitaronse os informes sectoriais preceptivos.

En data 24 de maio de 2016 (RE 3197) preséntase o Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: “Usos en solo de núcleo rural” para a súa aprobación provisional, incorporadas as esixencias dos informes sectoriais.

Vistos os informes favorables emitidos pola arquitecta municipal o 15/06/2016, e pola secretaría municipal o 20/06/2016, o Pleno da Corporación aprobou provisional o documento na sesión extraordinaria celebrada o 30 de xuño de 2016.

Remitido o expediente á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva, esta ditou a Orde do 31 de outubro de 2016, que resolve non outorgar a aprobación definitiva en tanto non se subsanen as deficiencias que se indican.

Presentado Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: “Usos en solo de núcleo rural” o 22 de marzo de 2017, con RE 1732/17, constan informes favorables da arquitecta e secretaría municipais de data 23/03/2017.

Á vista do expediente tramitado, e de conformidade co procedemento establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, veño en elevar ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: “Usos en solo de núcleo rural”, co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta, presentado o 22 de marzo de 2017 (RE 1732/17).

Segundo.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras) para o outorgamento da aprobación definitiva da modificación puntual.

Vimianzo, 23 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que esta modificación xa se aprobou provisionalmente e lembra o contido da mesma: reducir a parcela mínima, algo que non se aceptu; ampliar ocupación, cuestión que se aceptou, o que permite construír só en planta baixa; o acaroamento, que non se permite coas actuais NN.SS., o que supón que as edificacións



acaroadas están fóra de ordenación; a obriga de retranqueos 4 metros dende o eixe nos núcleos, onde a meirande parte das vivendas non gardan este retranqueo, por eso están en fóra de ordenación, e o mesmo pasa cos muros de pedra, e con isto se consolida a aliñación existente. Cre que son avances importantes e resolven moitos problemas.

A Sra. Mouzo Maceiras repite o que dixo no seu día: todo o que sexa procurar a mellora das condicións dos núcleos rurais é benvido. Se cadra hai que adaptar o urbanismo á época na que vivimos e facer un PXOM, e se ten problemas coa empresa que o fixo, terá que ir ao contencioso.

A Sra. Rodríguez Amigo di que o tempo pon a cada un no seu sitio, e o que lle di a Xunta confirma o que xa lle dixo a oposición dos plenos: que a proposta da superficie mínima non era viable, porque xa se lle preguntou como era posible aumentar a ocupación sen aumentar a edificabilidade. Actualmente as NN.SS. non especifican se a parcela mínima é neta ou bruta, e se agora xa se concreta que a parcela mínima é neta, obviamente a superficie é menor. Respecto da construción a lindeiros, di que na páxina 72 das actuais NN.SS. xa se permite arrimar cando hai edificación con medianeira consolidada. Agarda que recapacite e consulte e os cambios urbanísticos se leven a cabo para favorecer a todo o mundo.

O Sr. Rodríguez Blanco afirma que como o alcalde e Mancebo non fixeron caso do que xa lle dixo a oposición, agora volvemos coa aprobación provisional da modificación núm. 4 e despois coa aprobación inicial da 5 e o inicio da redelimitación dos núcleos. Nada disto vai saír adiante, e o que teñen que facer é un PXOM, eso vai ser o que lles diga a Xunta.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que xa constan nas actas os prexuízos desta modificación, polo tanto non os vai repetir. De todo o que acaba de contar, o único positivo é o acaroamento. Considera que hai que deixarse de parches para solucionar os problemas dos veciños.

O Sr. Mancebo Amigo considera que hai quen quere sacar proveito de todo. A oposición non se alegra de nada do que se aproba. Este goberno enterouse hai quince días que a sentenza que confirma a orde de derrubado da APLU era firme.

A Sra. Rodríguez Amigo interrompe.

O alcalde faille unha primeira advertencia.

O Sr. Mancebo di que non é tan doado facer un PXOM, pois faise en función da poboación e por desgraza todos os municipios rurais están perdendo poboación. Os datos demográficos son fundamentais para o PXOM, pois a edificabilidade calcúlase en función da poboación. Afirma que un municipio coma Dumbría non ten PXOM e onte publicouse no DOG unha multa coercitiva da APLU por non derrubar unha nave. Afirma que non ten sentido facer un PXOM para perder edificabilidade e dille á oposición que non pensen que un PXOM vai resolver todos os problemas.

O alcalde quere aclarar que a Xunta non prohibiu reducir a parcela mínima, senón que esixiu que se fixera unha delimitación dos núcleos, o cal, pola súa complexidade, equivale a redactar un PXOM. Pide á oposición que non xeren confusión. Afirma que poder edificar dúas vivendas acaroadas é unha vantaxe, non acerta a entender porque non lles gusta esta cuestión.

A concelleira do PP volve a interromper.

O alcalde pide que se respecten os turnos de palabra. O tema da consolidación das aliñacións nos núcleos é unha avance tremendo, igual que o resto das cuestións. Unha modificación puntual pode tramitarse en seis meses, mentras que un PXOM leva como mínimo tres anos. Con isto estanse sentando as bases dun futuro PXOM e xerando sempre beneficios para os veciños, nunca prexuízos para ninguén. Gustaríalle que a oposición plantexase propostas para mellorar as do goberno.

O concelleiro de TEGA pregunta quen da oposición dixo que non se aprobara.

O alcalde faille unha primeira advertencia por interromper. Continúa dicindo que hai que recoñecer as vantaxes e agradece á concelleira de IxV que considere positivo o acaroamento. Non sabe que lle ve de negativo ao tema de consolidar as aliñacións. Houbo un cambio de lei do solo durante a tramitación, e na actual LSG non hai superficie mínima, pero a Xunta esixe delimitar os núcleos para poder reducilas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor de Adiante Vimianzo, a Sra. Mouzo Maceiras e o Sr. Rodríguez Blanco, dúas abstencións de IxV e un voto en contra da Sra. Rodríguez Amigo, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.



4º. Aprobación Inicial da modificación puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación Inicial da modificación puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”.

Visto o Documento de Modificación Puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias: “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”.

Vista a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da mesma Consellería, declarando a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica esta modificación puntual, recibida o 10/10/2016 con RE 6524/16.

Visto o documento da MP5 presentado o 22/03/2017 con RE 1736/17 para a súa aprobación inicial.

Vistos os informes favorables emitidos pola arquitecta municipal interina e a secretaría municipal o 23 de marzo de 2017.

De conformidade co procedemento establecido no art. 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, veño en elevar ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual núm. 5 das Normas Subsidiarias: “Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano”, co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta.

Segundo.- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Dar traslado do expediente ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais que, no seu caso, resulten preceptivos.

Vimianzo, 23 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que nos núcleos urbanos teñen un problema moi grave cos fondos dos baixos, porque temos un fondo máximo de 18 metros sen distinguir usos. Todo o mundo entende que 18 metros son insuficientes para unha



planta baixa, semisoto e soto. Esta modificación amplía o fondo, o que favorece a actividade económica en Vimianzo.

Outra cuestión, prosegue o alcalde, é que no casco urbano as NN.SS. só permiten edificación en liña e moitas veces é preferible edificación illada porque pode haber unha actividade no baixo que o esixe. Cunha superficie mínima de 1500 metros cadrados pode facerse edificación illada con retranqueo de 3 metros a lindeiros.

Outra problemática é que antes das NN.SS. en determinadas zonas proliferaba a tipoloxía de vivenda unifamiliar e as NN.SS. prevén a aplicación dunha ordenanza de edificación plurifamiliar en liña, como acontece en Baíñas. As NN.SS. son contrarias á realidade e non recollen a tipoloxía existente. En Baíñas, na zona da estrada que vai para Santiago, ao pasar O Outeiro, van cambiar a ordenanza para recoñecer as vivenda unifamiliares, pasando de URLI a URFI. Tamén se modifica o recuado, reducindo de 5 a 3 metros á aliñación. Na zona preto do colexio, exactamente igual. E na Piroga, dende o Campo da Feira a Bamiro, na marxe dereita, exactamente igual.

Por outra banda, explica que tiveron que facer cambios obrigados, que non saben se a Xunta os vai aceptar, eliminando edificacións conforme ao Plan de inundacións.

A concelleira do PSOE está dacordo co tema do fondo dos baixos comerciais. Sinala que o estudo das zonas inundables é unha imposición do Parlamento europeo, e está dacordo en que esta normativa hai que cumprila, pero gustaríalle que se tivera en conta o risco real que teñen estas zonas, facendo un estudo das mesmas.

A concelleira do PP di que lle parece ben a modificación, pero preocúpalle a obriga de ter que facer un estudo de detalle.

O concelleiro de TEGA di que non tivo tempo de ver este expediente, só falou hoxe coa arquitecta do que afecta a Baíñas. Considera que non hai que lanzarse, senón mirar ben as cousas e incluso explicarllo aos veciños. Di que hai un par de naves en Baíñas que se poden recoller. Hoxe a arquitecta díxolle que só era para negocios, pero non se legalizan os garaxes. Alégrase de que agora o alcalde faga esta modificación en lugar do que fixo hai catro anos, negándose a solucionarlle o problema á farmacéutica. Pide que lle mande cartas ás casas, como fixo daquela.

A concelleira de IxV bota de menos que neste pleno non haxa un técnico presente, ben sexa o municipal ou quen redactou o documento. Considera que hai que explicarlle isto aos veciños. Cre que non responde aos criterios obxectivos que precisa o concello. Parécelle ben que se aumente o fondo dos baixos de 18 a 27 metros, pero a coetilla do estudo de detalle non lle gusta, porque lle supón tempo e cartos aos veciños afectados. Unha cousa que lle parece grave é que a unha familia que hai catro anos quixo facer unha casa non lle deixou, e agora abre esa porta, o mesmo que acontece agora coa casa de Evaristo. O mesmo pasa na Piroga, onde unha familia fixo un estudo de detalle que se anulou e agora cambia a ordenanza a vivenda unifamiliar. Quere saber en que situación vai quedar Vimianzo despois disto, polo tema das zonas inundables. Sabe que Augas leva moito tempo solicitando que se delimiten as zonas inundables. Toda a zona da panadería Sampedro ata o parque queda como zona inundable, por eso quere saber se o concello está obrigado a facer esta delimitación agora.

O alcalde di que parece mentira que sexa concelleira, porque esa delimitación é un acordo da Xunta para toda Galicia, non só para Vimianzo. Le o que di o informe de Augas: "limitaranse os usos constructivos...". Xa dixo que non están seguros de que lles acepten esta proposta. Non se toca á edificación nesta MP5. Pídelle á concelleira que fale con rigor, pois non todo vale. Esta crítica tivo tempo de facerlla á Xunta. Nas modificacións puntuais o concello ten que superpoñer os plans e proxectos sectoriais (autovía, POL, parque do megalitismo, etc.). Pídelle que non bote á xente contra o alcalde. Repite que as zonas inundables veñen definidas por normativa autonómica, e o concello non limita, só cambia a ordenanza.

No caso de Baíñas, o alcalde lembra que se a farmacéutica lle chega a facer caso á oposición, estaría como o veciño de Bamiro. Non se pode meter aos veciños en problemas. Evidentemente que se falou coa xente e vaillo explicar aos afectados, e se queren presentar alegacións, poden facelo. Repite que non se eliminan solares, senón que se cambia a ordenanza. Un empresario que leve a cabo unha urbanización de 1500 metros cadrados non é calquera empresario, ten que ser potente, e hai que determinar como van quedar os viais cun estudo de detalle. Pide que non vaian dicindo que un veciño para facer unha casa ten que facer un estudo de detalle. Considera que isto é un beneficio para todos e ninguén perde, e gaña o dinamismo económico.

Dille á Sra. Mouzo Maceiras que se informe, pois non é unha normativa do Parlamento europeo, como dixo, senón do Parlamento galego, non é o alcalde o que pon a raia onde quere. Pide que fagan unha oposición positiva e



aporten ideas. Tiveron sete días para ver o expediente. Ao respecto das naves que dixo o concelleiro de TEGA, non sabe se de verdade non se enteran de nada ou fan ao persoal tonto.

O Sra. Rodríguez Blanco dille que non o insulte.

O alcalde faille unha segunda advertencia por interrompelo. Pide que non vaia dicirle aos empresarios que se pode incluír as súas naves.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor de Adiante Vimianzo e a Sra. Mouzo Maceiras, catro abstencións de IxV, Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Rodríguez Amigo, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

5º. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo subministro de auga.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 9, REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa polo subministro de auga, ao obxecto de introducir un tramo intermedio no consumo comercial, industrial e obras, redactouse un anteproxecto, que foi sometido a información pública a través da súa publicación na web municipal, a efectos de dar cumprimento ao disposto no art. 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais, así como os informes obrantes no expediente: informe técnico-económico emitido polo TAX-xefe do servizo o 17/02/2017 e informe conxunto da Secretaría e Intervención municipais respecto do procedemento aplicable, de data 08/03/2017.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa polo subministro de auga, co seguinte texto proposto:

Artigo 3º. Contía.

(...Resto do artigo permanece igual...)



b) CONSUMOS:TARIFAS

Consumo doméstico:

- Mínima trimestral (30 m3): 7,50 euros/Trimestre
- De 30 a 60 m3: un adicional de 0,36 euros/m3
- De máis de 60 m3: un adicional de 0,45 euros/m3

Consumo comercial, industrial e obras:

- Mínima trimestral (30 m3): 9 euros/Trimestre**
- De 30 a 60 m3: un adicional de 0,36 euros/m3**
- De máis de 60 m3: un adicional de 0,45 euros/m3

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 9 no Boletín Oficial da Provincia.

Vimianzo, 22 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que a modificación que se fai é a seguinte: existe un consumo doméstico que se mantén, pero non é o mesmo o consumo dun comercio de roupa que o dun restaurante. Tiñamos unha mínima de 60 m³ e 18 euros e agora introducimos unha mínima de 30 m³ e 7.50 euros, de feito que se axusta a normativa á realidade.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

6º. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 4, reguladora da taxa por prestación do servizo de sumidoiro.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO



D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 4, reguladora da taxa por prestación do servizo de sumidoiro, ao obxecto de introducir un tramo intermedio no consumo comercial, industrial e obras, redactouse un anteproxecto, que foi sometido a información pública a través da súa publicación na web municipal, a efectos de dar cumprimento ao disposto no art. 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais, así como os informes obrantes no expediente: informe técnico-económico emitido polo TAX-xefe do servizo o 17/02/2017 e informe conxunto da Secretaría e Intervención municipais respecto do procedemento aplicable, de data 08/03/2017.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora da taxa por prestación do servizo de sumidoiro, co seguinte texto proposto:

“Artigo 7. Cota tributaria

(...)

C.-Servizo de saneamento e depuración:

C.1. Para abonados con abastecemento de auga:

Domésticos:

- Ata 30 m3 o trimestre, 3,00 euros/Trimestre
- De 30 a 60 m3, un adicional de 0,15 euros/m3
- De máis de 60 m3, un adicional de 0,18 euros/m3

Comercial e industrial:

- Ata 30 m3 o trimestre, 5,00 euros/Trimestre**
- De 30 a 60 m3, un adicional de 0,15 euros/m3**
- De máis de 60 m3, un adicional de 0,20 euros/m3 “

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.



Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 9 no Boletín Oficial da Provincia.

Vimianzo, 22 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que a modificación da ordenanza do sumidoiro vai no mesmo sentido que a anterior.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

7º. Solicitud de reducción do canón derivada do modificado n.º 2 do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE REDUCIÓN DO CANON DERIVADA DO MODIFICADO Nº 2 DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS.

Vista a solicitude presentada o 14/03/2016, con rexistro de entrada nº 1640/16, por D. José Manuel Pastoriza Paz, en representación de GRUPO REACTEDA S.L., no que solicita a redución do canon para os exercicios 2015 e 2016 con motivo da supresión do centro de día.

Vistos os informes técnicos emitidos o 31/05/2016 e 17/01/2017 pola técnica de urbanismo e obras, respecto das superficies adicadas ao centro de día e ampliación da escola infantil, respectivamente.

Visto o informe conxunto emitido pola Secretaría e Intervención municipais o 15/03/2017, respecto do procedemento aplicable.

Visto o informe emitido polo TAX-xefe dos servizos económicos o 22/03/2017, no que conclúe:

“(…) INFORME

Partindo dos informes valorativos de ocupación da instalación e das datas de modificación e reforma dos diferentes locais existentes no complexo de servizos sociais, obtemos os seguintes datos:

	ANO	CANON	Datas		Días	% Redución	Redución	Novo Canón
	2015	18.973,73	28/03/2015	31/12/2015	278	16,31 %	2.356,99	
	2016	18.916,81	01/01/2016	30/11/2016	334	16,31 %	2.823,29	
	2016	18.916,81	01/12/2016	31/12/2016	31	8,00 %	128,53	
Praza 15129	2017	19.043,23	01/01/2017			8,00 %	1.523,46	17.519,77

izo.gal
izo.gal



Polo tanto o importe de canón xa pagado e pendente de devolución é de 5.308,81 euros, e o canón a voar para este novo exercicio sería de 17.519,77 euros, sendo necesario modificar o acordo plenario de data 27/01/2017, no que se establece o canón anual da concesión para o ano 2017."

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de redución do canon dos exercicios 2015 e 2016 solicitada por Grupo Reacteda, S.L., de xeito que procede a devolución de cinco mil trescentos oito euros e oitenta e un céntimos (5.308,81€).

Segundo.- Modificar o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de xaneiro de 2017, referido ao importe do canon para o exercicio 2017, que quedaría redactado da seguinte maneira:

"Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 17.519,77 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2017."

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo aos servizos económicos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar ao interesado.

Vimianzo, 22 de marzo de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que os servizos sociais de Vimianzo sufriron unha variación porque se chegou a un acordo co xeriátrico para prestar o servizo do centro de día e evitar unha duplicidade.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor de Adiante Vimianzo, a Sra. Mouzo Maceiras e o Sr. Rodríguez Blanco, tres abstencións de IxV e Sra. Rodríguez Amigo, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

8º. Bonificación do 95% do ICIO a Granxa Riveiro S.C.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Visto expediente instado por José Manuel Rodríguez Álvarez en data 26/01/2017 e 05/12/2016 en representación de GRANXA RIVEIRO,SC, solicitando a bonificación do 95 % da cota do ICIO, en base ao establecido no apartado terceiro do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 175 do 15 de setembro de 2014.



Considerando que nas obras que se pretende realizar ("Construción de silos para almacenar forraxe en verde e plataforma de formigón de acceso, sita en Magro, parroquia de Calo") concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras. Tendo en conta ademais o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Recoñecer a Granxa Riveiro, SC, unha bonificación do 57,00 % da cota do ICIO, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar.

En Vimianzo, a 21 de marzo de 2017

O Alcalde
Manuel Antelo Pazos"

A secretaria indica que hai un erro no título, posto que a bonificación non é do 95% senón do 57,00%, tal como consta na proposta.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

9º. Bonificación do 95% do ICIO a Avícola Chiado S.C.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Visto expediente instado por Manuel Arias Trigo en data 13/05/2016 e 05//12/2016 en representación de AVICOLA CHIADO, SC, solicitando a bonificación do 95 % da cota do ICIO, en base ao establecido no apartado terceiro do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 175 do 15 de setembro de 2014.

Considerando que nas obras que se pretende realizar ("Construción de nave para ampliación de explotación avícola, sita en O Sixto parroquia de Baiñas") concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras. Tendo en conta ademais o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Recoñecer a Avícola Chiado, SC, unha bonificación do 85,50 % da cota do ICIO, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar.

En Vimianzo, a 21 de marzo de 2017

O Alcalde
Manuel Antelo Pazos"



A secretaria indica que hai un erro no título, posto que a bonificación non é do 95% senón do 85,50%, tal como consta na proposta.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

10º. Acordo sobre a recuperación da ruta posxacobeá a Muxía.

Dase conta da moción presentada o 22 de marzo de 2017, con RE 1718/17, por Roberto Roget Antelo, en representación da Asociación Cultural Baíñas no Camiño, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

"(...) Os concellos por onde discorre o Camiño, co apoio da Administración e da iniciativa privada, fan da revitalización e desenvolvemento do mesmo un recurso fundamental do seu sector turístico e un instrumento de fixación da poboación rural mediante a xeración de emprego e valor engadido. Mais a súa recuperación é sobre todo unha reivindicación ineludíbel da nosa verdadeira Historia e da irmandade entre os pobos do Camiño. Por todo iso, as asociacións locais mencionadas PROPOÑEN AO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. Apoiar o obxectivo de consecución do recoñecemento da ruta posxacobeá a Muxía por Baíñas e Berdoias nos estamentos aos que teña acceso o Concello de Vimianzo.
2. Ofrecer colaboración ás entidades locais na procura de información relativa ao Camiño Real de Santiago a Muxía ao seu paso polo Concello de Vimianzo.
3. Dispoñer os medios municipais dispoñíbeis, materiais e humanos, necesarios para a recuperación, conservación e aproveitamento desta ruta."

O alcalde explica que hai unha reivindicación neste sentido e trátase dunha iniciativa de moito valor. Colabórese limpando o camiño e vanse sufragar os informes técnicos que sexan necesarios.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

11º. Ratificación das resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no POS +2017.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de marzo de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 28 de marzo de 2017, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA POLAS QUE SE APROBAN VARIOS PROXECTOS (CORRECCIÓN DE ERRATAS) INCLUIDOS NO POS+2017.

Dase conta das seguintes Resolucións da Alcaldía polas que se aproban varios proxectos (corrección de erratas) incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2017, da Deputación provincial da Coruña, logo de ser requirida a subsanación de deficiencias por parte desta:



- Resolución da alcaldía núm.287/2017, de 27/03/2017, pola que se aproba o proxecto “Humanización da rúa Tedín dende lavadeiro ate cruce de Trasouteiro”(corrección de erratas), redatado polo arquitecto D. Vicente Rivas Negreira.
- Resolución da alcaldía núm. 288/2017, de 27/03/2017, pola que se aproba o proxecto “Construción de beirarrúas e saneamento en Pasarela” (corrección de erratas),redatado polo arquitecto D.Jorge Roura Traseira.
- Resolución da alcaldía núm.289/2017, de 27/03/2017, pola que se aproba o proxecto “Parque infantil en Berdoias e área recreativa de Ogas” (corrección de erratas), redatado polo arquitecto D.David Estany Garea.
- Resolución da alcaldía núm. 290/2017, de 27/03/2017, pola que se aproba o proxecto “Pavimentación no núcleo de Santa Comba de Baíñas” (corrección de erratas), redatado polo arquitecto D.David Estany Garea.

Visto canto antecede, esta Alcaldía, previo ditame da Comisión informativa permanente de Obras e Urbanismo,propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar as resolucións da alcaldía núm. 287/2017, 288/2017, 289/2017 e 290/2017, de data 27/03/2017.

Segundo.-Dar traslado deste acordo aos servizos correspondentes.
Vimianzo, 27 de marzo de 2017
o alcalde,

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde aclara que se trata de erros nos proxectos que non afectan nin ao propio contido nin aos orzamentos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

12º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- Anuncio de aprobación inicial de modificación da Ordenanza fiscal n.º 24 (BOP n.º 24 do 3 de febreiro de 2017).
- Delegación de funcións do alcalde no primeiro tenente de alcalde (BOP n.º 48 do 13 de marzo de 2017).
- Publicación da masa salarial do persoal laboral para o 2017 (BOP n.º 47 do 10 de marzo de 2017).
- Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo (BOP n.º 27 do 8 de febreiro de 2017).
- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal n.º 24 (BOP n.º 59 do 28 de marzo de 2017).

O Pleno da Corporación dase por enterado.

13º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da



presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 95/2017 do 25/01/2017 á núm. 298/2017 do 28/03/2017.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

14º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2016.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 144/2017 de data 09/02/2017 pola que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2016.

O Pleno da Corporación queda enterado.

15º. Dar conta de informes económico-orzamentarios

A interventora da conta dos seguintes informes económico-orzamentarios:

- Envío marcos orzamentarios 2018-2020
- Informe levantamento de reparos ao Consello de Contas
- Envío orzamento 2017
- Captura de tipos impositivos
- Execución do orzamento 4º trimestre 2016

O Pleno da Corporación queda enterado.

16º. Dación de conta da xustificación de axudas a grupos políticos municipais do ano 2016.

Dase conta da xustificación de axudas a grupos políticos municipais do ano 2016.

O Pleno da Corporación queda enterado.

17º. Mocións.

O alcalde pregunta se algún grupo ten alguna moción.

A concelleira do grupo mixto Paula Mouzo di que o seu grupo presentou unha moción o 28 de marzo de 2017, con RE 1889, relativa á situación da sanidade pública no Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira de Cee. En primeiro lugar, xustifica a urxencia.

O alcalde considera que se trata dun tema bastante importante como para abordalo desta maneira. Entende que debe traerse a outra sesión. Non ten datos para afirmar que o instrumental é de hai vinte anos ou non. En termos xerais, ten unha opinión positiva do Hospital de Cee. Repite que este tema pode abordarse conxuntamente co tema do centro de saúde de Vimianzo.

A concelleira do grupo mixto está dacordo en tratalo nunha comisión e aclara que esto está contrastado con especialistas que levan moitos anos traballando alí.

Sometida a votación a urxencia, obtén cinco votos a favor de IxV e grupo mixto e sete votos en contra de Adiante Vimianzo, non acadando a maioría absoluta requirida polo art. 83 do RD 2568/1986 (ROF).

18º. Rogos e preguntas.



O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

18.1. Partido Socialista

A concelleira Paula Mouzo di que, á vista do publicado na prensa en relación coas reunións con veciños propietarios de fincas nas que hai restos arqueolóxicos, e como concelleira, non lle gusta enterarse destas cousas pola prensa. Lémbrale que grazas a ela se rexistrou no Parlamento de Galicia a petición ao goberno autonómico de que se execute o Parque do Megalitismo.

18.2. Partido Popular

A concelleira Raquel Rodríguez pide educación e di que a actitude do alcalde lémbrale á de aqueles mestres que infundían medo aos alumnos. Pregunta de que grupo forma parte o goberno municipal.

18.3. Terra Galega

O concelleiro de TEGA plantexa os seguintes rogos:

- 1º. Que no vindeiro pleno lle dea máis liberdade porque hoxe non falou e xa lle dou dous avisos.
- 2º. Di que diante do colexio de Baíñas se levantan as tapas do sumidoiro, e tamén no Outeiro, así que cando podan que se actúe.
- 3º. Roga que dean conta das últimas sentencias da casa de cultura, e pregunta se o concello vai recurrir a sentenza. Quere saber se lle van pedir disculpas a esa familia, e cando se vai incorporar o arquitecto municipal e canto van ter que pagarlle. Afirmo que o defende igua que defendiu á psicóloga que despediu ou ás traballadoras do SAF.
- 4º. Pide que o acordo de redelimitación dos núcleos se mande á APLU de inmediato, se pode ser luns que non sexa o martes. Pide que se poña en contacto con Evaristo Blanco para informalo e que estea tranquilo.

18.4. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

- 1º. Limpeza de contenedores inmediata.
- 2º. Reparación da pista da Gándara que vai a Ogas, e a pista do antigo taller Ideal.
- 3º. Que se organicen actividades de verán e campamentos e que se podan incorporar nenos de distintas idades.
- 4º. Vimianzo demanda o servizo de madrugadores, que se faga un estudo para ver se hai unha demanda real.
- 5º. Repite a necesidade dunha barandilla no edificio da Torre, que segue igual.
- 6º. A saída de Trasariz, que as xardineiras que hai non están ben ubicadas para a visibilidade dos turismos.

A continuación plantexa as preguntas:

- 1º. Por que os servizos sociais non lle están dando cobertura ás horas concedidas polas familias? Sábeo porque o falou coas familias. Sábeo porque falou coas familias. Os servizos sociais dos que antes se podía presumir agora o alcalde deteriorounos.
- 2º. Hai novidades da obra das beirarrúas de Pasarela?
- 3º. Sabe que houbo unha reunión co director xeral de educación e quere saber se hai novidades sobre o patio cuberto do CEIP. Xa lle gustaría ter a cuberta da pista de padel no CEIP.
- 4º. A pista de padel foi cuberta esta semana e parece ser que lle perxudica á fachada dun edificio.
- 5º. Pide que camiñe o expediente de redelimitación dos núcleos rurais agora que esta o Sr. Beiras na Deputación. Pregunta se van ter transparencia e comunicación neste expediente. Pide que cada quince días ou cada mes se lles informe.



O alcalde responde aos rogos e preguntas da oposición. Dille que terán o acceso a este expediente que lles corresponda. É un traballo dos técnicos e cando teñan un anteprojecto ou proxecto terá coñecemento toda a Corporación. Aproveita para dicirlle que claro que luns se remitirá o acordo á APLU.

Pide á oposición que traian asuntos con rigos. Non pode dicirlle que unha señora lle dixo que a cuberta lle afecta aos balcóns. Non somos unha taberna. Respecto do patio cuberto do CEIP, dille que ella está na AMPA, e dado que foi á reunión cun membro da AMPA, está informada. Di que van facer o patio cuberto no verán.

En canto ás beirarrúas de Calo, tiveron problemas coa adjudicataria, e agora teñen que requirirle ao seguinte licitador que presente a documentación. A vontade do alcalde é que se adjudique nun mes.

Pide que lle diga datos respecto do tema das horas do SAF, porque vai tomar nota dada a gravidade do asunto. Lembra que tivo unha reunión co persoal da área de benestar, na que estiveron presentes a secretaria e a interventora, e doules directrices respecto dos dependentes. Fanse o dobre de horas das que se facía. Os informes que se remitan á Xunta son dos técnicos da área de benestar, non os fai o alcalde.

En canto á saída de Trasariz, ese problema tamén o ve e xa llo comentou aos xardineiros para mellorar a seguridade. Toma nota tamén das deficiencias do edificio da Torre.

Parécelle ben a proposta do servizo de madrugadores, pero non sabe se o servizo o ten que prestar o concello ou a consellería. Están abertos a eso, e recomendaríalle aos que están na AMPA que llo plantexen ao CEIP. Na escola infantil as directrices son que abran ás 07:45 horas se hai demanda.

Di o alcalde que no verán teñen actividades para nenos todo o mes e agosto na casa de cultura polas mañáns, a claro que deben poñerse se hai demanda.

Son conscientes da problemática de rebachear as pistas e van facelo.

Respecto dos contenedores, di que se limpan unha vez ao ano e está claro que non é suficiente, pero antes non s lavaban nunca.

Pide que respecte a concelleira do PP ao grupo Adiante Vimianzo e non merece contestación a pregunta que lle fixo.

O alcalde di que procuran invitar á oposición a determinados eventos singulares, pero non pasa nada porque un concelleiro se entere pola prensa, pero se non vai non ten sentido que agora veña facerlle o reproche. Di que era unha reunión informativa sobre os usos permitidos nas parcelas que teñen dolmens, cousa que tiña que facer a Xunta e non fixo.

Á vista de que non hai interese, segundo considera o alcalde, decide rematar.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e catorce minutos, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 31 de marzo de 2017.

O alcalde

A secretaria